BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

MARTES, 26 DE FEBREIRO DE 2019 N.º 048

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA.

## SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

BEGASA solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63378.

As obras solicitadas consisten na construción dunha canalización de baixa tensión soterrada, de 10 metros de lonxitude, e unha arqueta para o subministro de enerxía na parcela con referencia catastral 1199521PJ1319N0001GG, na zona de policía do rego da Regueira, no lugar do Fontao, na parroquia de Santa María de Suegos, no concello do Vicedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de febreiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0514

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Germán Rodríguez Edrosa solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.61941.

As obras solicitadas consisten na restauración dun garaxe con referencia catastral 6030501PJ4263S0001YK situado na zona de policía de leitos do rego da Barranca, no lugar de Entrerríos, na parroquia de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de febreiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0515

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Manuel Cabo Insua solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.60055.

As obras solicitadas consisten na rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa do Souto, número 77, na zona de servidume do río Xunco, no concello de Cervo (Lugo).

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cervo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de febreiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0516

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ÁREA DE TURISMO E CULTURA

*Anuncio*

**BASES PARA O PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019 (PROSCENIO) PARA A PROVINCIA DE LUGO.**

A Área de Turismo e Cultura, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión da cultura e do teatro na súa vertente profesional en entidades pertencentes á provincia de Lugo, e ao mesmo tempo as de potenciar a actividade cultural que se desenvolve nos distintos concellos da xeografía lucense.

Por esa razón, ponse en marcha o Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) no que poderán participar as compañías profesionais de teatro, de carácter privado, con domicilio fiscal na provincia de Lugo.

Con estes circuítos preténdese activar un sector en serias dificultades na actual situación económica-social para o mundo cultural.

Este Programa vai dirixido tanto aos concellos da provincia, que poderán solicitar actuacións para se acolleren a este programa, como a aquelas asociacións culturais da provincia de Lugo, que estean xuridicamente constituídas (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas a normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura entre o conxunto demográfico lucense.

O orzamento previsto para por en marcha o Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) é de 50.000 €. A distribución da/s función/s por compañías teatrais dependerá da demanda e do atractivo que resulte o proxecto para os solicitantes do Programa, establecéndose igualmente que o cento por cento de todas as funcións asinadas a unha mesma compañía teatral deberá ser inferior a 15.000 € máis IVE, de acordo co establecido no artigo 118.1 da Lei de Contratos do Sector Público. Non obstante, o número máximo de adxudicacións por compañía teatral non poderá superar as 6 actuacións.

En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

O caché será o propio de cada compañía teatral profesional, de carácter privado, debendo especificar os gastos de cada función: seguridade social, equipo técnico (iluminación, son, etc...), pago dos actores e actrices participantes en cada representación, etc... Así mesmo, no momento da xustificación da actuación, e previamente ao pago da porcentaxe propia que lle corresponda aboar á Deputación (máximo 50% do caché da actuación) os grupos de teatro participantes neste Programa deberán achegar documentación coa que se acredite que as actrices e actores están contratados de conformidade o convenio vixente.

O calendario de actuacións irá **dende o 4 de maio até o 31 de decembro de 2019** e o caché e a duración das representacións dependerá da tipoloxía e natureza das obras presentadas sendo o caché máximo sen técnica 4.000 euros e de 5.500 euros con necesidades técnicas (luz, son, etc...).

**Do mesmo xeito, os Concellos e entidades solicitantes deberán especificar cal é a súa preferencia para a actuación/s solicitada e sinalando igualmente unha segunda data de reserva para o tipo de actuación/s solicitada/as dentro deste Programa.**

A Área de Turismo e Cultura establece que, tendo en conta os cachés das actuacións, que todos os solicitantes (os Concellos e as asociacións culturais solicitantes, legalmente constituídas) deberán asumir o pagamento- como mínimo- do 50% do custo de cada unha das actuacións concedidas. O resto do caché da compañía teatral, ata o máximo do 50% do custo da actuación correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Turismo e Cultura).

A porcentaxe que aboará a Deputación (ata un 50% máximo do custo da actividade), estará condicionada a cantidade que o Concello/Asociación solicitante poida recadar coa entrada simbólica que puidese cobrar- se fose o caso-. No caso que esta supere o 50% do caché da actuación, a porcentaxe a aboar polo solicitante beneficiado da actuación será o total da recadación obtida, debendo a Deputación aboar o grupo teatral a porcentaxe restante ata o pagamento do cento por cento da actuación. Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo, o 50% (como máximo) do custo da actividade teatral e o 50% (como mínimo) ao Concello ou asociación solicitante da función. Por esta razón, non se pagará os grupos de teatros mentres o beneficiario

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

da actuación ( Concello ou Asociación beneficiaria) non achegue o certificado de actuación onde constará – se fose o caso- a recadación total obtida pola representación teatral, segundo o recollido no anexo 9.

**OBRIGAS DOS CONCELLOS/ASOCIACIÓN SOLICITANTES:**

De acordo coas presentes bases, os Concellos e as entidades solicitantes das actuacións deberán aceptar as condicións deste programa, e por tanto quedan obrigados a:

a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo teatral que actúe (mínimo do 50% do custo total da actuación concedida), estando obrigados a presentar ante a Deputación certificado de actuación onde constará- de ser o caso- a recadación total obtida pola representación teatral, segundo o establecido no anexo 9.

b) Dispor dos seguros pertinentes para a realización das actuacións deste programa, asumindo todas as responsabilidades derivadas da organización, realización e desenvolvemento da actividade: local, aforo ou calquera outra derivada da materialización deste proxecto, de acordo co establecido nas bases da convocatoria. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir previamente á actuación, durante a mesma ou despois dela ou tamén aquelas referidas ao desprazamento previo e/ou posterior ás actuacións por parte das compañías participantes no programa.

c) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria.

d) Organizar e desenvolver as actuacións velando pola súa correcta realización e pola súa seguridade de acordo coa normativa legal vixente.

e) Para lle facer fronte a ese 50% mínimo de pago ao grupo teatral, os Concellos e asociacións culturais (legalmente constituídas) poderán- se así o consideran- cobrar unha entrada simbólica, debendo a Deputación ser informada das cantidades concretas que se recaden, así como do número de espectadores que presenciaron a peza teatral.

f) Inscribirse no programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO), no prazo de **15 días naturais**, a contar dende o día seguinte o da publicación destas bases no B.O.P, especificando na súa solicitude o tipo de función que se quere inserir na programación de cada concello/asociación e maila data seleccionada e outra máis de reserva- segundo preferencia- para a realización da función teatral.

g) Memoria de actividades culturais realizadas nas últimas dúas anualidades.

h) Estratexias de difusión e promoción da programación (conxunto de accións transversais que buscan achegar as diferentes actividades e espectáculos culturais ao conxunto da sociedade)

i) Establecer un local axeitado para desenvolver as representacións posuíndo as necesidades técnicas e de seguridade. A Deputación de Lugo exímese de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade: características do local, aforo ou calquera eventualidade referida á materialización da actividade concedida, tal como se establece nesta convocatoria, ou as referidas a traslados da compañía, idade dos actores/actrices, montaxe, representación, desmontaxe, entre outros.

**É obrigatorio** comunicar á Deputación Provincial os seguintes datos relacionados co lugar onde se vai a facer a función:

→ Nome do espazo onde se vai facer a función, enderezo, planos dixitalizados, fotografías, raider técnico (iluminación, son, etc…), aforo do espazo ou espazos que se ofrecen para a realización da/as función/s.

j) Nomear unha persoa responsábel que se faga cargo da promoción do evento e do óptimo desenvolvemento da actividade.

k) Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.

l) Distribuír os carteis anunciadores do programa enviados dende a Deputación. En toda a publicidade que se faga a maiores deberá figurar que a actuación pertence ao Programa de Teatro Profesional 2019, xunto co logo da Deputación de Lugo. Esta última poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da citada publicidade.

m) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura se xorde calquera tipo de inconveniente que non permita desenvolver a actuación na data acordada.

n) De producirse unha renuncia- tanto por parte do solicitante como por parte do grupo beneficiario- e sempre que sexa, por circunstancias alleas á Deputación de Lugo, nin o grupo contratado nin o solicitante beneficiario terán dereito a ningunha indennización económica..

**OBRIGAS DA DEPUTACIÓN:**

→ De igual xeito, a Deputación de Lugo comprométese a lles aboar- como máximo- a porcentaxe do 50% do custe total da actuación ao grupo ou grupos participantes neste programa, e en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación e, aínda no caso

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

de que houbese algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade solicitante da actuación. Non obstante, a porcentaxe que debe aboar a Deputación non se efectuará ata que o Concello ou Asociación beneficiaria con este programa non achegue o certificado de actuación onde constará- se fose o caso- a recadación total obtida pola representación teatral, segundo o establecido no anexo 9.

Ademais a Deputación comprométese a:

- Constituír unha comisión técnica que analizará a presentación de solicitudes (peticións de actuacións e inscrición dos grupos teatrais de acordo co establecido nas bases), a adxudicación das actuacións e a elaboración dun cronograma temporal das actuacións adscritas a este Programa, tratando de encaixar as necesidades dos concellos/asociacións coas datas dispoñibles dos propios grupos teatrais. A composición da comisión técnica será nombrada por Resolución de Presidencia.
- -Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das solicitudes en función das necesidades dos concellos/asociacións e tamén das compañías teatrais participantes.
- Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste programa.

→Os criterios de valoración a ter en conta pola Comisión Técnica de valoración serán:

**A) PARA OS SOLICITANTES DE ACTUACIÓNS:**

| CRITERIOS | BAREMACIÓN MAXIMA |
|---|---|
| Adaptación do espazo indicado para a realización da función. Os espazos deberán reunir as condicións técnicas necesarias para a representación das pezas así como en materia de seguridade tanto para o público asistente como para as persoas integrantes do grupo/os de teatro | 15 puntos |
| Memoria de actividades culturais anual | 15 puntos |
| Estratexias de difusión e promoción da programación | 10 puntos |

- A puntuación mínima esixida para a concesión da solicitude/es será a de obter -como mínimo- o 50% total dos puntos totais que figuran na baremación máxima e, debendo –igualmente- puntuar en cada un dos criterios de valoración.
- En caso de empate entre varios solicitantes, e aos efectos de poder encadrar as solicitudes dentro do orzamento establecido para este Programa, a orde de prelación para a obtención de representación/actuación será o número de orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral da Deputación.

**B) PARA AS COMPAÑÍAS DE TEATRO PARTICIPANTES:**

| CRITERIOS | BAREMACIÓN MAXIMA |
|---|---|
| Interese cultural, artístico, relevancia e singularidade do proxecto artístico presentado | 15 puntos |
| Viabilidade técnica e económica do proxecto artístico presentado, tendo en conta especialmente o orzamento e a adecuación do proxecto artístico aos obxectivos que persegue o Programa | 15 puntos |
| Capacidade de produción e distribución | 10 puntos |
| Repercusión do proxecto artístico na creación e fomento de públicos para as artes escénicas | 10 puntos |

- A puntuación mínima esixida para a inclusión no elenco de compañías teatrais participantes neste Programa será a de obter -como mínimo- o 50% total dos puntos totais que figuran na baremación máxima e, debendo –igualmente- puntuar en cada un dos criterios de valoración.
- En caso de empate a puntos entre varias compañías, a adxudicación de actuacións virá determinada non só pola demanda senón tamén polo número de orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral da Deputación.

**OBRIGAS DAS COMPAÑÍAS PROFESIONAIS DE TEATRO PARTICIPANTES**

**Polo que respecta as compañías de teatro participantes no Programa de Teatro profesional 2019, (PROSCENIO) as súas obrigas para se acolleren a este programa de difusión do teatro profesional son:**

Estar dadas de alta no IAE, nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver.
Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas na presente convocatoria

Seren compañías profesionais de teatro, de carácter privado, con domicilio fiscal na provincia de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

Contratar ás e aos seus compoñentes seguindo os convenios colectivos vixentes e a de contar con todos os seguros pertinentes para a realización de espectáculos.

Contar cunha sede na provincia de Lugo que non sexa unicamente social, senón que se realice nese mesmo espazo todo o relativo á súa actividade teatral: ensaios... Se a sede social non coincide co local de ensaios, este local de ensaios deberá estar obrigatoriamente en Lugo e deberase acreditar esta situación documentalmente.

Inscribirse no Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) cumprindo todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Realizaren as actuacións nos lugares e horas asignados pola Deputación de Lugo en colaboración cos concellos/asociacións solicitantes.

A de lle expediren á Deputación a/as factura/as correspondentes ás actuacións xa realizadas, e unha vez que a Unidade xestora teña no seu poder os datos da recadación – se fose o caso- obtida polo Concello ou Asociación beneficiaria da actuación.

Ter en conta que a Deputación só aboará – como máximo- o 50 % do custo total de cada actuación, quedando a cargo do Concello ou da asociación cultural solicitante – como mínimo o 50 % restante. Estas facturas deberán presentarse na área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo, sempre e despois de que a unidade xestora teña coñecemento de que a actuación foi realizada con satisfacción e que o beneficiario da actuación presente certificado de actuación onde constará a recadación total obtida pola representación teatral ( se fose o caso), segundo o establecido no anexo 9.

Deberán poñerse en contacto coa Área de Turismo e Cultura se xurdise calquera tipo de inconvinte que non permita levar a cabo a actuación.
Deberán facer constar que a actividade a subvenciona a Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo en todas as actividades de promoción do espectáculo que faga a propia compañía.
A de utilizaren o idioma galego nas representacións das actuacións.
Cada compañía profesional de teatro poderá ofertar para este Programa 2019 as obras que considere.
As compañías profesionais de teatro terán que contar co seguro de responsabilidade civil pertinente para a realización das obras de teatro, e para eses efectos deberán cubrir o modelo de declaración xurada recollido nas bases. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén no desprazamento previo e posterior ás representacións por parte dos grupos participantes neste programa.
As compañías profesionais de teatro deberán entregar copia das altas de todos os actores/actrices que participen nas representacións deste programa. Documento TA1 ( ou calquera outro documento acreditativo de tal situación) e copias compulsadas dos contratos debidamente selado pola oficina de emprego . No caso de que o persoal sexa autónomo deberase presentar a factura dos servizos prestados á compañía teatral, así como o seu xustificante de pago.
As compañías deberán entregar copia do plan de autoprotección.

No caso de que a compañía profesional de teatro tivese actores/actrices menores de idade, actuarán a todos os efectos baixo a responsabilidade da propia compañía, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.

- **<u>MODELOS DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO):</u>**

**A) Compañías profesionais de teatro, de carácter privado:**

As entidades que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se lles proporcionará na Área de Turismo e Cultura ou tamén podendo descargalo da web provincial (Área de Turismo e Cultura). A solicitude deberá presentarse no Rexistro da Deputación de Lugo, acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de participación no Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO).
- Fotocopia compulsada de estar dada de alta no IAE, dentro dun epígrafe acorde coa prestación a desenvolver.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
- Certificado dos datos bancarios
- Documentación técnica (elaboración dun informe explicativo)
- Declaración responsable acreditativa do domicilio social e do enderezo do local de ensaios da compañía. (Anexo 1)
- Orzamento de gastos previstos e necesarios para a representación da obra/as. (Anexo 2)
- Declaracións responsables do representante da compañía teatral. (Anexo 3)

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

- Declaración responsable do elenco de actores e actrices que participarán na representación da/as obra/as. (Anexo 4)
- Declaración de dereitos exclusivos de representación (Anexo 5)
- Declaración responsable. (Anexo 6)

**→Para a xustificación e abono da parte que debe aboar a Deputación deberán presentar:**

- Factura coa porcentaxe que en cada caso lle corresponda aboar á Deputación (máximo 50% do caché da actividade), e unha vez que a Unidade xestora reciba a certificación da actuación por parte dos solicitantes (concello ou asociación beneficiario da actuación), segundo o establecido no anexo 9. Será a unidade xestora quen se poña en contacto con ésta para que emita a factura pola porcentaxe propia restante que non superará en ningún caso e, como máximo, o 50% do caché da actividade.

a) ● Copia das altas na Seguridade Social de todos os actores/actrices que participen nas representacións deste programa. Documento TA1 ( ou calquera outro documento acreditativo de tal situación) e copias compulsadas dos contratos debidamente selado pola oficina de emprego . No caso de que o persoal sexa autónomo deberase presentar a factura dos servizos prestados á compañía teatral, así como o seu xustificante de pago. (A presentar obrigatoriamente coa factura).

**B) Concellos e entidades solicitantes das actuacións:**

Os concellos e entidades solicitantes das actuacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se lles proporcionará na Área de Turismo e Cultura ou tamén podendo descargalo da web provincial (Área de Turismo e Cultura).

● Solicitude de participación no Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO).

● Memoria do lugar onde se vai a facer a función teatral

● Compromiso (por escrito) de lles facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (como mínimo do 50% do custo da actuación) (Anexo 7)

● Memoria das actividades culturais realizadas ao longo das dúas (2) últimas anualidades.

● Estratexias de difusión e promoción da programación (conxunto de accións transversais que buscan achegar as diferentes actividades e espectáculos culturais ao conxunto da sociedade).

● Compromiso (por escrito) de que acepta e asume todas as responsabilidades derivadas da realización da actividade: características do local, aforo ou calquera outra vinculada á realización da actividade concedida. (Anexo 8)

● Compromiso (por escrito) de que acepta as condicións que se establecen nas bases do Programa. (Anexo 8)

● Planos, fotografías, equipación técnica do espazo no que se vai realizar a representación.

**→Para a xustificación e abono da parte que debe aboar a Deputación:**

- Certificado de haberse feito a actuación unha vez materializada, onde figure- se é o caso- o total do recadado coa entrada simbólica. (Anexo 9)

→A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, cantos outros documentos sexan precisos para xustificar o pagamento da porcentaxe propia (máximo 50% do caché/ ou custo total da actividade) que lle corresponde aboar ás compañías de teatro profesional, unha vez feita a actividade.

- A Deputación resérvase o dereito a poder esixir ao beneficiario o comprobante do pago da porcentaxe establecida correspondente (mínimo do 50 % do caché).
- →A Deputación reservase o dereito a proceder a redución – de oficio e de xeito automático- da parte que lle corresponde aboar (máximo 50% do caché/ ou custo total da actividade) ás compañías de teatro profesionais participantes unha vez feita a actividade. Esta redución estará vinculada a parte aboada polo beneficiario da actividade (aboará como mínimo 50 % do caché) e tamén ao total do recadado coa entrada simbólica- se fose o caso-.

**LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

**A) Compañías profesionais de teatro de carácter privado**

As compañías profesionais que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude nos rexistros autorizados pola lexislación vixente, no prazo de un **15 días naturais**, a contar desde a publicación das bases no BOP.

**B) Concellos e entidades solicitantes**

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

Os Concellos e asociacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude nos rexistros autorizados pola lexislación vixente, no prazo que de **15 días naturais**, a contar desde a publicación das bases no BOP.

Notas.-

**→ Calquera modificación/cancelación na solicitude ou na resolución da concesión (por parte dos solicitantes ou das compañías teatrais) terá que ser comunicada á Deputación de Lugo (Área de Cultura) nun prazo mínimo de 15 días hábiles antes da data sinalada. En caso contrario, a modificación/cancelación non causará efectos, manténdose as responsabilidades que puideran derivarse para os colectivos participantes (solicitantes e compañías teatrais) e, eximíndose a Deputación de calquera responsabilidade a este respecto.**

**→ Determinacións procedimentais:**

Na tramitación da concesión aplicarase a Lei de procedemento administrativo e na xustificación, a lexislación de contratos.

Lugo, 22 de febreiro de 2019.O Presidente, Darío Campos Conde.- A Secretaria Xeral, María Esther Alvarez Martínez

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**SOLICITUDE DATOS DE COMPAÑÍAS PROFESIONAIS DE TEATRO PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

| | |
|---|---|
| COMPAÑÍA PROFESIONAL DE TEATRO:_______________________________________________ | |
| CONCELLO: | |
| NOME DA EMPRESA: | |
| PERSOA RESPONSABLE DE CONTACTO: | |
| ENDEREZO: | |
| CP: | |
| TELÉFONO 1: | TELÉFONO 2: |
| CORREO ELECTRÓNICO: | |
| CIF DA COMPAÑÍA: | NIF DO/DA REPRESENTANTE: |
| NÚMERO DE COMPOÑENTES: | |
| ANO DE FUNDACIÓN: | |
| NÚMERO DE CONTA: | |
| CRONOLOXÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA E DAS FUNCIÓNS: (Do 4 de maio até o 31 de decembro de 2019). | |
| OBSERVACIÓNS:_____________________________________________________________________<br>________________________________________________________________________________<br>________________________________________________________________________________<br><br>En ………………………………………………….., a …………………… de ………………………………………………………….. de 201_.<br><br>Sinatura:<br><br>ILMO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO (SERVIZO DE CULTURA). | |

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**INFORME COMPLEMENTARIO QUE SE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE DE ALTA DAS COMPAÑÍAS PROFESIONAIS DE TEATRO PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

Documentación técnica e elaboración dun informe explicativo.

**A) COMPAÑÍAS DE TEATRO:**

- Breve historial do grupo (15 liñas)
- Tipo de obra que solicita representar:
- Copia por escrito da obra ou presentación dun informe da obra no que se achegue unha descrición do texto representado.
- DVD da obra, (será preciso entregalo antes do final do circuíto para poder arquivar todas as funcións que se realizan dentro do programa de Teatro profesional 2019, (PROSCENIO).
- Historial amplo da compañía.
- Título da peza.
- Breve sinopse (15 liñas)
- Idioma: galego
- Autor/a da obra- breve biografía.
- Elenco (será preciso a presentación dos nomes, apelidos e DNI dos diferentes actores e actrices ademais de achegar unha folla co reparto por idades dos actores e actrices)
- Dirección.
- Espazo escénico necesario.
- *Raider* técnico. Necesidades de iluminación, son, audiovisual e demais necesidades técnicas que se precisen para o correcto desenvolvemento do espectáculo.
- 8 fotos do grupo en formato JPG (300 ppp de resolución mínima)
- Preferencias de datas para participar no Programa
- Especificación dos cachés da/s obra/as presentadas ao Programa de Teatro profesional 2019, (PROSCENIO).
- Ligazón á web da compañía, vídeos e demais posibilidades para visualizar tanto os circuítos como ás propias compañías.
- Presentación do **plan de autoprotección** en cumprimento da lei de prevención de riscos laborais.
- (A Deputación – en caso de se precisar- poderá requirir dos participantes información complementaria).

- Lugar de entrega da documentación: a través de rexistro xeral da Deputación, dirixido á Área de Turismo e Cultura (Programa de Teatro profesional 2019, (PROSCENIO).

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 1**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE ACREDITATIVA DO DOMICILIO SOCIAL ACTUAL DA COMPAÑÍA E DO ENDEREZO DO LOCAL DE ENSAIO.**

D./D.ª.......................................................................................... con DNI .......................................

como representante autorizado da compañía ...............................................................................................................................

con CIF ...........................................

DECLARO

1.- Que o domicilio social actual da nosa compañía atópase no seguinte enderezo:

Rúa:.............................................................................................................C.P:...................................
Localidade: .......................................................... Provincia: ..................................................................

2.- Que o local de ensaio da nosa compañía atópase no seguinte enderezo:

Rúa:.............................................................................................................C.P:...................................
Localidade: .......................................................... Provincia: ..................................................................

En ....................................................a, .................... de ............................................................ de 201_

O/A REPRESENTANTE

(Sinatura e selo)

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 2**

D./D.ª.................................................................................................. con DNI ................................

como representante da compañía teatral ................................................................................con CIF ........................................... e enderezo en:

Rúa:.........................................................................................................................C.P:...................................
Localidade: ......................................................... Provincia: ..............................................................

DECLARO:

1.- Que o orzamento de gastos previstos e necesarios para a representación da obra: ..................................................................................................................................... coa que se pretende participar no Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) son:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

| **TOTAL ORZAMENTO GASTOS** | BASE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| | € | € | € |

2.- Que os gastos incluídos neste orzamento están directamente relacionados coa actividade e son indispensables para a adecuada preparación e a súa execución.

En ………………………………………………………………….a,…………………..de ………………………………….de 201_.

O/A representante

(Sinatura e selo)

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 3**

**DECLARACIÓNS RESPONSABLES DO REPRESENTANTE DA COMPAÑÍA TEATRAL**

D./D.ª........................................................................................................................................ ......... con DNI ..................................................... na miña condición de representante da compañía teatral de:......................................................................................................................., con enderezo na Rúa.........................................................................................................C.P:.................................... Localidade: ........................................................... Provincia: ..................................................................., e con CIF..................................................................

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- □ Declaro que no elenco do noso grupo de teatro **non temos** actores/actrices menores de idade.

2.- □ Declaro que no noso grupo de teatro **temos** .................... actores/actrices menores de idade, que actúan baixo a miña responsabilidade para todos os efectos.

3.-□ Declaro que o noso grupo de teatro- de acordo coas bases- comprométese a formalizar unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a realización das obras.

4.-□ Acepto as condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse.

En,..................................................................................... a,...............de ................................ de 201_.

O/A Representante

Sinatura e selo:

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 4**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA COMPAÑÍA TEATRAL ACERCA DO ELENCO DE ACTORES / ACTRICES QUE VAN A PARTICIPAR NA REPRESENTACIÓN DA/AS OBRAS COAS QUE SE PRETENDE PARTICIPAR NO PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO).**

D./D.ª................................................................................................................................................ ......... con DNI ........................................................ na miña condición de representante da compañía teatral de:.................................................................................................., con enderezo na Rúa.......................................................................................................................C.P:.................................... Localidade: ......................................................... Provincia: ................................................................, e con CIF...............................................................

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que pretendemos participar no Programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO)coa/as seguintes obras:

a.- ...........................................................................................

b.- ..........................................................................................

c.- ...........................................................................................

2.- Que o elenco de actores/actrices que van a participar na representación da/as obras coas que pretendemos participar na programa de Teatro Profesional 2019, (PROSCENIO) son:

a.-Nome da obra:.......................................................................

| Nº | NOME E APELIDOS | D.N.I | IDADE |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |
| 5 | | | |
| 6 | | | |
| 7 | | | |
| 8 | | | |
| 9 | | | |

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 10 | | | |
| 11 | | | |
| 12 | | | |
| 13 | | | |
| 14 | | | |
| 15 | | | |
| 16 | | | |
| 17 | | | |
| 18 | | | |
| 19 | | | |
| 20 | | | |

***NOTA: No caso de ofertar a presentación de máis dunha obra, e obrigatorio facer a relación do elenco de actores/actrices participantes por cada obra.***

En ..................................................................a,....................... de ................................................ de 201_.

O/A representante

(Sinatura e selo).

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**ANEXO 5**

**DECLARACIÓN DEREITOS EXCLUSIVOS DE REPRESENTACIÓN**

| | | | |
|---|---|---|---|
| D. / D.ª | | | |
| Rúa / Praza | | Nº | |
| Poboación | | CP | |
| DNI | | Expedido con data | |

☐ En nome propio

| | | | |
|---|---|---|---|
| ☐ En representación de | | CIF | |
| Rúa / Praza | | Nº | |
| Poboación | | CP | |

**DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

Que a Compañía

posúe os dereitos exclusivos de representación da obra

que se vai desenvolver dentro do programa de Teatro profesional 2019, (PROSCENIO).

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

_____ a _____ de _____ de _____

Asdo.:

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

## ANEXO 6

**ÁREA**

**CONTRATO MENOR**

### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

| | | | |
|---|---|---|---|
| D/Dª | | | |
| Rúa/Praza | | Nº | |
| Poboación | | CP | |
| DNI | | Expedido con data | |
| Correo Electrónico | | | |

□En nome propio

| | | | |
|---|---|---|---|
| □En representación de | | CIF | |
| Rúa/Praza | | Nº | |
| Poboación | | CP | |
| Correo Electrónico | | | |

**DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- Que a persoa física ou xurídica:
  - Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
  - Non se atopa incursa nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
  - Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Excma. Deputación Provincial de Lugo (artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas).
  - Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
  - No caso de persoa xurídica, as prestacións obxecto deste contrato menor, están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.
  - Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

_____ a ___ de _____ de _____

Asdo.:

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

# DOCUMENTACIÓN A CUBRIR POLOS CONCELLOS/ ASOCIACIÓNS SOLICITANTES

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**SOLICITUDE PARA ACOLLERSE Á PROGRAMACIÓN DO PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

| • **A cubrir só por concellos e/ou asociacións solicitantes** | |
|---|---|
| **PERSOA DE CONTACTO:** | |
| **ENDEREZO:** | |
| **CP:** | |
| **En representación do Concello/da Asociación (táchese o que non proceda):** | |
| **TELÉFONO 1:** | **TELÉFONO 2:** |
| **CORREO ELECTRÓNICO:** | |
| **CIF DO CONCELLO /DA ASOCIACIÓN:** | **NIF DO/DA REPRESENTANTE:** |

□ **Solicito poder acollerse ao Programa de Teatro profesional 2019, (PROSCENIO)**

□ Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse.

□ Acepto que, de acordo coas bases, a Deputación de Lugo exímese de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, de acordo a normativa legal vixente en materia de seguridade: características do local, aforo ou calquera eventualidade referida á materialización da actividade concedida, tal como se establece nesta convocatoria: traslados da compañía, montaxe, representación, desmontaxe e percorrido de volta o lugar de residencia ou orixe da compañía, entre outros.

□ Dispoñemos dunha sala/ local que reúne ás condicións de seguridade para o desenvolvemento das representacións.

**DATAS A ESCOLLER PARA SOLICITAR A/AS FUNCIÓN/ÓNS:**

□ **Mes de ___________________ de 2019. Día:------------------------- Hora:…………………………..**

□ **Mes de ___________________ de 2019. Día:------------------------- Hora:…………………………..**

□ **Mes de ___________________ de 2019. Día:------------------------- Hora:…………………………..**

**Datas de reserva:**

□ **Mes de ___________________ de 2019. Día:------------------------- Hora:…………………………..**

□ **Mes de ___________________ de 2019. Día:------------------------- Hora:…………………………..**

□ **Mes de ___________________ de 2019. Día:------------------------- Hora:…………………………..**

En …………………………………………., a ……………………… de ………………………… de 201_.

Sinatura e selo.

**ILMO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO (SERVIZO DE CULTURA)**

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**MEMORIA DO LUGAR ONDE SE VAI FACER A FUNCIÖN**

Don/dona: ……………………………………………………………………………………………………………, con D.N.I.: …………………………………………, en calidade de responsable do concello/ asociación (táchese o que non proceda) de:……………………………………………………………………………………………………………, con CIF:…………………………………………. con enderezo a efectos de notificación en :……………………………………………………………………………………………., con teléfono:……………………………………………………… E correo electrónico:…………………………………………………

**Declaro que:**

1.- O lugar onde se vai facer a representación está situado en:

Enderezo:_______________________________________________________

Código Postal:_________________

Concello de:____________________________

2.- □ Que este emprazamento/ lugar de celebración reúne as condicións de seguridade axeitadas para o desenvolvemento da actividade solicitada, de acordo coa normativa legal vixente.

**3.- DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS:**

| |
|---|
| |

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

En ..............................................., a ........................... de ................................................................ de 201_.

Sinatura e selo.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 7**

**COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

Don/Dona_________________________________________________________________________

DNI nº _________________________________, con domicilio para os efectos de notificación en ______________________________________________________________________________________________ ___________ concello de ____________________________ e teléfono de contacto ___________________e correo electrónico ________________________________________, na condición de representante (nome da Asociación/Concello)_________________________________________________ con CIF: _________________________.

**FAGO CONSTAR:**

Que se desde a Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo se me concede a/as actuación/s solicitada/as á asociación/Concello que represento, asume a obriga de lle facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (**asumir como mínimo o 50% do custo total da actuación concedida),** así como – **de ser o caso**- de informar a Deputación da recadación total acadada pola representación, segundo os criterios establecidos nas presentes bases.

E para que así conste, asino en ___________ a _______ de __________________ de 201_.

Sinatura e selo:

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 8**

**COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NAS BASES DESTE PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO).**

Don/Dona_________________________________________________________________________, con DNI: _________________________________, con domicilio para os efectos de notificación en _____________________________________________________________________________________________________________ ___________________________ concello de _______________ e teléfono de contacto ___________________e correo electrónico ________________________________________, na condición de representante da Asociación/Concello: (Táchese o que non proceda):

_______________________________________________________ con CIF:_____________________________________________

**FAGO CONSTAR E ACEPTO:**

Que se desde a Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo se **NOS CONCEDE** a/as actuación/óns solicitada/as :

□ Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse.

□ Acepto que, de acordo coas bases, a Deputación de Lugo exímese de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade: características do local, aforo ou calquera eventualidade referida á materialización da actividade concedida, tal como se establece nesta convocatoria: traslados da compañía, montaxe, representación, desmontaxe e percorrido de volta o lugar de residencia ou orixe da compañía, entre outros.

□ Acepto que me comprometo a formalizar unha póliza de responsabilidade civil para asumir as responsabilidades derivadas da organización e desenvolvemento da actividade: seguridade do local, aforo ou calquera outra que puidera derivarse da materialización deste proxecto, de acordo coa normativa legal vixente e co establecido nas bases da convocatoria.

E para que así conste, asino en _____________ a ________de__________________ de 201_.

Sinatura e selo:

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

**PROGRAMA DE TEATRO PROFESIONAL 2019, (PROSCENIO)**

**ANEXO 9**

**CERTIFICADO DE ACTUACIÓN A CUBRIR POLO BENEFICIARIO DA ACTUACIÓN**

---

□ Don/ Doña ……………………………………………………………………………………, con D.N.I: ………………………………….., como Alcalde-Presidente do concello de ………………………………………………..………………………………………………………………………………………… ……e CIF: ……………………………………………….

□ Don/ Doña ……………………………………………………………………………………, con D.N.I: ………………………………….., como Secretario da Asociación de ………………………………………………..………………………………………………………………………………………… ……. e con CIF: ……………………………………..

CERTIFICO

1. Que a compañía …………………………………………………………………………….. desenvolveu de maneira satisfactoria a función ……………………………………………………………..……………………… o día …………….. ás ……………………………do mes de …………………………………………………de 2019.
2. **(A CUBRIR DE SER O CASO):**

   Que á función asistiron un total de ……………………………….…… espectadores, segundo o desglose seguinte:

   □ O prezo simbólico establecido ( de ser o caso) foi de **……………**, sendo a recadación total de**…………………………€.**

En, ……………….………………., .a ………….de ……………………… de 201_.

Sinatura e selo.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

R. 0567

## SECCIÓN DE PATRIMONIO

*Anuncio*

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de data 15 de febrero de 2019 aprobou a proposta relativa o Prego de condicións económico-administrativas que han de rexer o concurso para o concesión demanial para a utilización privativa dun Ben de Dominio Público, que di literalmente:

**PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE HAN DE REXER O CONCURSO PARA A CONCESIÓN DEMANIAL PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA DUN BEN DE DOMINIO PUBLICO**

**I. CONDICIÓNS XERAIS DA CONCESIÓN**

**1. OBXECTO DA CONCESIÓN**

É obxecto deste prego regular as condicións xerais que servirán de base para a licitación e adxudicación, mediante concurso aberto, dunha concesión demanial da parcela de domino público provincial, que se describe, a continuación, para ser destinada ao uso que se indica:

O denominado INSTALACIÓNS **EN BELESAR PRESA** no Concello de Chantada, de natureza xurídica de dominio público, conta coa seguinte descrición:

Situación: Belesar Presa, Concello de Chantada.

**1. Planta baixa:**

Descrición: Zona de vestíbulo, dirección, aseos e vestiarios.

Hangar piraguas

Ximnasio

Almacén

Enfermería

Cubeta de adestameto

**2. Planta superior**

Descrición: Cafetaria, salón social, cociña e aseos

Superficie total construída: 380,34 m$^2$

A devandita concesión administrativa de dominio público, que non implica cesión do mesmo nin das facultades dominicais da Deputación de Lugo, se outorga sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes, con suxeición ao disposto nas cláusulas contidas no presente prego.

**2. DURACIÓN E CANON DA CONCESIÓN**

O prazo máximo da concesión será de 2 anos, contados a partir do día seguinte ao inicio da actividade, que poderá ser prorrogado ata un máximo de catro anos, mediante prórrogas anuais.

Ao termo deste prazo o adxudicatario virá obrigado a poñer a disposición da Deputación de Lugo e deixar á súa libre disposición as edificacións do inmoble e as súas instalacións, salvo que antes se producise incumprimento das condicións polo que procedería o rescate ou extinción, ou, no seu caso, que antes do transcurso do prazo, fose outorgada unha prórroga da concesión demanial, con maior duración temporal.

Establécese un canon anual mínimo de licitación a satisfacer polo concesionario de 3.000 € anuais.

O canon será satisfeito polo concesionario por anualidades anticipadas, ingresando a cantidade correspondente na Tesouraría Provincial.

Os licitadores deberán ofertar á alza o canon a satisfacer pola concesión e que se valorará conforme aos criterios definidos na Cláusula 15.

**3. NATUREZA XURÍDICA**

A relación xurídica que se perfeccione co adxudicatario constituirá unha concesión administrativa sobre un ben de dominio público, de acordo coa regulación efectuada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 33/03 do Patrimonio das Administracións Públicas, Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e a Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

As obras e instalacións a realizar polo concesionario terán a cualificación xurídica de bens de dominio público, e estarán suxeitas a reversión, sen dereito a indemnización ao termo da concesión.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**4. RÉXIME XURÍDICO**

A concesión regulada neste prego rexerase en canto á súa preparación, trámites licitatorios, adxudicación, perfeccionamento e formalización, dereitos e obrigas do concesionario e da Deputación de Lugo, cumprimento e extinción da concesión, polo presente prego, e supletoriamente en todo o non previsto nos mesmos por as seguintes disposicións: Lei 33/03de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, a Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por RD 1372/1986, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais do 17 de xuño de 1.955, Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións aplicables na materia.

**5. INTERPRETACIÓN DA CONCESIÓN**

A interpretación da concesión corresponderá á Deputación de Lugo, e os acordos que os seusórganos adopten neste sentido serán inmediatamente executivos, sen prexuízo dos recursos administrativos que contra estes resulten procedentes.

**6. RISCO E VENTURA E FINANCIAMENTO**

O desenvolvemento e execución da concesión realizarase a risco e ventura do concesionario, salvo nos casos de forza maior admitidos pola lexislación aplicable.

Así mesmo, durante o tempo de duración da concesión, o adxudicatario será responsable de todos os danos e prexuízos que no seu desenvolvemento puidesen producirse, debendo subscribir, para a súa cobertura, o correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.

**II. LICITACIÓN**

**7. CAPACIDADE PARA SER TITULAR DA CONCESIÓN**

Están capacitadas para ser titular da concesión as persoas naturais ou xurídicas, españolas ouestranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala a Lei 9/2017,de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, de 2014, (en adiante LCSP).

A Administración poderá outorgar a concesión a unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto (sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación). Os devanditos empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven.

Os que concorran individual ou conxuntamente con outros á licitación poderán facelo co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión demanial.

**8. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

A concesión efectuarase por concurso público, conforme ao establecido no presente prego e a lexislación vixente de aplicación.

A licitación será anunciada no Boletín Oficial da Provincia. Durante o prazo de presentación deofertas, o expediente, con todos os documentos que o integran, poderá ser examinado na Sección de Patrimonio da Deputación de Lugo, en días hábiles, de luns a venres, de 9 a 14 horas

. Sen prexuízo diso, o contido deste prego poderá consultarse no "Perfil do contratante" que figura na páxina web desta Administración.

As proposicións presentaranse contidas nun sobre pechado, no anverso do cal se fará constar:

**PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA ADXUDICAR A CONCESIÓN DEMANIAL DUN BEN DE DOMINIO PUBLICO PARA EXPLOTACIÓN CON CARÁCTER PRIVATIVO DA INSTALACIÓN DEDICADA A LOCAL DE HOSTALERÍA EN BELESAR PRESA (CONCELLO DE CHANTADA)**

No sobre incluiranse, á súa vez, os sobres que, a continuación, se detalla:

Sobre nº 1. Titulo: Documentación Administrativa

Deberá conter a documentación que se relaciona, a continuación, a cal deberá presentarse en orixinal ou mediante copias autenticadas ou compulsadas, sen emendas, omisións ou rascaduras e, precedendo a toda a documentación que a continuación se indica, farase constar, en folla aparte, dentro do sobre, como primeira páxina, un índice da totalidade dos documentos que o licitador presenta no sobre.

1º. Declaración responsable (ANEXO I e ANEXO III).

2º. Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Aos efectos sinalados ao principio desta cláusula, os licitadores presentarán o seguinte documento:"

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

D/Dª........................, non seu propio nome (ou: na representación dá empresa..........), acepto expresamente que ás comunicacións e notificacións que realice a Excma. Deputación provincial de Lugo relativas á concesión para a utilización dun ben de ben de dominio para a explotación das denominadas INSTALACIÓNS **EN BELESAR PRESA** no Concello de Chantada, realícense mediante ou seu envío ou fax número:____________ou á dirección de correo electrónico_____________________________________________.

En........................ de.................. de 20____

O Licitador,

(Sinatura do representante e selo da empresa)".

3º. Os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e as circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como queasumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios da concesión demanial.

Sobre nº 2. Título: Oferta técnica

Incorporará unha Memoria da actividade a realizar.

Sobre nº 3. Título: Proposición Económica.

A proposición económica deberá axustarse ao modelo oficial que figura como ANEXO II, debidamente asinada e datada, onde se fará constar o canon ofertado

**9. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS**

As proposicións haberán de presentarse no prazo de OITO días naturais, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, durante as horas de 9:00 ás 14:00, todos os días hábiles que medien dende o día seguinte ao do anuncio ata a finalización do prazo de presentación.

Cando as proposicións se envíen por correo, o ofertante deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano competente a remisión da oferta mediante telegrama ou fax no mesmo día e dentro da hora fixada para elo, antes das 14:30 hora local. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida con posterioridade á data e hora de terminación do prazo de presentación de ofertas sinalado no anuncio.

Transcorridos non obstante, cinco días naturais seguintes, á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

As proposicións serán secretas e quedarán baixo a custodia da Secretaría da Deputación de Lugo a disposición da Mesa da concesión, ata o momento sinalado para o acto da súa apertura.

**10. GARANTÍAS**

O licitador que resulte adxudicatario deberá constituír a garantía definitiva por importe do 3% do valor de dominio público ocupado, de acordo co establecido no art. 90.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. A devandita garantía devolverase ao concesionario ao remate da concesión.

Formando parte a instalación obxecto da concesión dun ben de categoría especial, para determinar a base para o calculo da garantía definitiva, tomarase como base a valoración que resulte do informe que se emita polos servizos técnicos provinciais, que será publicada previa á finalización do prazo de presentación de ofertas.

**11. MESA DA CONCESIÓN**

O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de concesión que estará constituída polos seguintes membros.

**PRESIDENTE:**

Xefe da Sección de Patrimonio

**VOGAIS:** Un funcionario grupo A pertencente aá Intervención Xeral

Un funcionario grupo A pertencente á Área de Turismo

Interventora Xeral Deputación de Lugo

**SECRETARIO:** Secretaria Xeral Deputación de Lugo

Para cada un dos membros designarase un suplente.

O órgano colexiado adaptará o seu funcionamento ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime Xurídico do Sector Público, iso sen prexuízo das peculiaridades contidas na LCSP.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**12. CUALIFICACIÓN PREVIA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, reunirase a Mesa de concesión ao día seguinte á finalización do prazo de presentación de ofertas. No suposto de que o devandito día coincida en sábado, o acto de apertura realizarase o luns seguinte.

Se por calquera razón xustificada non puidese reunirse a Mesa na devandita data, se fará pública a nova convocatoria mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e no perfil de contratante da Deputación de Lugo.

Aos efectos da expresada cualificación, o Presidente ordenará a apertura do Sobre nº 1, presentado por cada licitador e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Si a Mesa observara defectos ou omisións emendable na documentación presentada comunicarao aos interesados concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a súa emenda, baixo apercibimento de exclusión definitiva do procedemento. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo.

As proposicións non admitidas quedarán excluídas do procedemento de selección e adxudicación.

**13. APERTURA DO SOBRE Nº 2**

A apertura do Sobre nº 2, será pública e terá lugar con posterioridade ao acto de apertura do sobre nº 1.

O acto de apertura de proposicións comezará dándose lectura ao anuncio da concesión e procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas e á súa confrontación cos datos que figuren nos certificados estendidos pola unidade administrativa encargada do Rexistro Xeral da Deputación de Lugo. A continuación darase coñecemento ao público do número de proposicións recibidas e nome dos licitadores, dando ocasión aos interesados para que poidan comprobar que os sobres que conteñen as ofertas se atopan na Mesa en idénticas condicións en que foron entregados.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas doprocedemento de selección e adxudicación, e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas (Sobres nº 1 , nº 2 e nº 3), ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións (Sobre nº1, documentación administrativa).

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, fose inferior ao tipo de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola Mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal que o un nin a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición.

**14. APERTURA DE PROPOSICIÓNS ECONÓMICAS**

Con anterioridade ao acto de apertura das proposicións económicas deberá ser entregado, se é o caso, o informe técnico á secretaría da Mesa de concesión, coa valoración da oferta da proposición incluída no sobre 2.

Pola Presidencia da Mesa da concesión no día e hora sinalado no anuncio, procederá en acto público a manifestar o resultado da valoración da oferta contida no sobre nº 2, de acordo co informe técnico remitido. A continuación realizarase a apertura do sobre nº 3 daquelas solicitantes que continúen no proceso de concesión.

**15. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Os criterios que servirán de base para decidir a adxudicación serán os que, a continuación, seexpoñen. Todas as ofertas admitidas serán valoradas conforme a estes criterios de forma proporcional, asignando a maior puntuación á proposta que propoña a mellor ou maior oferta, puntuándose as restantes de forma proporcional.

1.- Memoria (Máximo 45 puntos).

Terase en especial consideración aquelas actividades relativas ao medio ambiente, os produtos da zona, a promoción das actividades náuticas e á posta en valor do entorno. A valoración realizarase previo informe dos servizos provinciais, e de acordo cos seguintes criterios:

. Plan de promoción do propio Clube Náutico como lugar de referencia de actividades náu-ticas. -Puntuación máxima 10 puntos .

. Memoria das actividades lúdicas e/ou náuticas que se levarán a cabo e que se ofertarán ó público, con indicación da súa duración, periodicidade e estacionalidade, e de ser o caso, da cualificación, experiencia e recoñecemento por entidades de recoñecido prestixio, do persoal contratado. Terase en conta a orixinalidade e a calidade das actividades propostas. En todo caso éstas terán que contar coa aprobación do responsable do contrato antes da súa execución -Puntuación máxima 15 puntos

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

. Plan de inversión nas instalacións que revirtan directamente na mellora dos servizos a prestar, coa súa valoración económica. - Puntuación máxima 15 puntos

. Plan de promoción dos produtos da Ribeira Sacra, que deberá especificar claramente a extratexia a seguir e os medios a utilizar tanto no propio local como de difusión en medios de comunicación e/ou márketing. - Puntuación máxima 5 puntos.

2. Canon (Máximo 55 puntos).

Valorarase neste apartado o maior canon ofertado. Outorgarase unha puntuación de 0 puntos a aquel licitador que non oferte mellora de canon, 55 puntos a aquel que oferte o canon mais alto e o resto das ofertas valoraranse proporcionalmente.

**16. ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN**

A Mesa de contratación, unha vez valorados os criterios de baremación e visto, no seu caso, o informe técnico, procederá a formular a correspondente proposta de adxudicación que non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

O órgano competente clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e requirirá o licitador que haxa presentado a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación que poderá ser expedida, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

b) Obrigas coa Seguridade Social.

Certificación positiva expedida, pola Tesourería Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Imposto sobre Actividades Económicas.

Xustificante de estar en situación de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no seu pagamento, achegando ao efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non se dar de baixa na matrícula do citado imposto.

En caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

d) Escritura de formalización da unión temporal de empresarios ou doutra forma societaria, no seu caso.

No caso de que o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización desta, a duración da cal será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Así mesmo, no suposto de que o/os adxudicatario/s houbese/n concorrido individualmente ou conxuntamente con outros á licitación co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión demanial deberán achegar a escritura de constitución da devandita sociedade.

De non se cumprimentar axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

No caso de que dous ou máis proposicións se atopen igualadas, como as máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia de adxudicación, aquela que obteña unha maior puntuación no criterio de canon da concesión.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á adxudicación, renunciar ao outorgamento da concesión por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Cando o órgano non adxudique a concesión de acordo coa proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión. O órgano competente deberá proceder á adxudicación dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**17. PERFECCIONAMENTO E FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN**

A concesión entenderase perfeccionada polo acordo ou resolución da adxudicación, quedando o adxudicatario e a Administración contratante vinculados a todos os efectos xurídicos, económicos e administrativos que se deriven e, en especial, en relación coa formalización e o cumprimento da concesión.

O documento de adxudicación de concesión deberá formalizarse entre a Administración e o adxudicatario, dentro dos 5 días seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título abondo para acceder a calquera Rexistro. Non obstante o anterior, dita concesión administrativa poderá elevarse a escritura pública a petición do concesionario e á súa costa.

O concesionario, ademais do contrato, deberá asinar o prego de condicións administrativas.

**18. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO**

• Os tributos estatais, autonómicos e municipais (IBI) que se deriven da concesión.

• O pagamento do IVE que se derive de calquera das actuacións incluídas na concesión.

• Os de formalización pública da concesión, no seu caso.

**19. POTESTADES DA ADMINISTRACIÓN**

A Deputación Provincial concedente ostentará as seguintes potestades:

a) Ordenar discrecionalmente as modificacións na concesión que aconselle o interese público, interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento.

b) Impoñer ao adxudicatario as correccións e sancións pertinentes por razón das infraccións que cometiere.

c) Revisar, comprobar e modificar a adaptación das infraestruturas, así como inspeccionar e supervisar o desenvolvemento das obras obxecto da concesión, e o seu uso axeitado.

d) Deixar sen efecto ou rescatar a concesión demanial, antes do seu vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público debendo indemnizar ao concesionario de acordo ás previsións de ingresos incluídas no estudio económico-financeiro presentado para a participar na licitación e en función dos anos que restasen ao prazo concesional.

e) Revogar a concesión por causa do incumprimento grave das obrigas do concesionario.

f) As demais que legal ou regulamentariamente correspóndanlle.

**20. RESPONSABLE DA CONCESIÓN**

Para todas aquelas cuestións derivadas do desenvolvemento da concesión, así como do seguimento e vixilancia do cumprimento do presente prego, se designa como responsable da concesión, a Area de Cultura e Turismo – Servizo de Turismo, que nomeará ó empregado público que tera a responsabilidade material.

**21. OBRIGAS DO CONCESIONARIO**

O concesionario asumirá as seguintes obrigas:

- Deberán conservar as construcións, instalacións e demais dotacións do complexo, así como mantelas en perfecto estado de funcionamento, conservación seguridade, limpeza e hixiene durante o prazo polo que constitúan a concesión.

- Asumir ao seu cargo os gastos que se orixinen como consecuencia do funcionamento do obxecto da concesión.

- Prohibición de transferir a concesión demanial sen prexuízo do establecido na cláusula 23 do presente Prego.

- A reversión das obras e as instalacións ao final da concesión á Deputación de Lugo en termos de perfecto estado de uso.

- Unha vez concluído o prazo da concesión, o concesionario deberá abandonar e deixar libres os bens obxecto da concesión, nos termos previstos neste prego.

Igualmente deberá obter, á súa costa, cantos permisos, licenzas e autorizacións sexan precisas para o funcionamento da instalación e realización das obras ás que estea obrigado polo presente prego.

Por outra parte o concesionario correrá con todos os gastos de contratación de subministración eléctrica, auga, gas, lixo, telefonía, etc, así como dos seus consumos mensuais.

- Abrir as instalacións ao público e mantelas abertas de modo permanente e continuado en condicións de utilización de acordo coas obrigas deste prego durante o prazo da concesión. O peche das instalacións durante un período superior a 15 días continuados será causa de resolución do contrato, quedando facultada a Deputación de Lugo para acordar e executar por se a resolución, logo de audiencia de interesado, sen necesidade de que a mesma sexa declarada por Tribunais de Xustiza e sen prexuízo de recursos que procedan contra o acordo provincial declarando a resolución.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

-Abrir as instalacións todos os días da semana nos meses de xuño, xullo e agosto. Así como a obriga de apertura como mínimo de mércores a domingo, ambos os dous inclusive, os meses de maio e setembro. Entendendo como "apertura" en ambos casos a prestación integral dos servizos de restauración e restantes.

-Obriga de permitir o acceso libre ós baños a todos os usuarios das Rutas Fluviais, con independencia de si fan uso ou non do servizo de cafetería ou restauración. Debendo manter os baños limpos, desinfectados e provistos de papel e deterxente ou xabón. Esta obriga estenderíase non só os días de apertura do local, senón tamén os días que, non estando aberto o local de restauración existan saídas das embarcacións das Rutas Fluviais.

-Establecer un horario mínimo de apertura, sen prexuízo do legalmente establecido con arreglo o tipo de establecemento, 1 hora antes da saída das embarcacións, é dicir, ás 10:30 horas, e 1 hora despois da chegada da última viaxe, podendo ampliar este horario en función das necesidades e sempre dentro dos límites que marque a lexislación vixente.

-As obras nas instalacións que se leven a cabo con motivo das melloras ofertadas, deberán ser previamente aprobadas polo responsable do contrato, e en todo caso nunca interferirán no normal funcionamento da prestación do servizo, salvo permiso expreso por parte do mesmo.

- Obter os permisos, licenzas e autorizacións que establezan as disposicións vixentes, no caso que fosen necesarias para o exercicio das actividades que se desenvolvan nos terreos e edificacións obxecto de concesión.

- Conservar e manter as construcións e instalacións en perfecto estado de funcionamento, limpeza e salubridade, durante todo o prazo da concesión, garantindo aos particulares o dereito a utilizalo mediante o abono do prezo ou tarifas establecidas.

- Queda terminantemente prohibido o almacenamento exterior de abastos, envases, caixas, cubos e outros aparellos auxiliares, que atenten contra a estética das instalacións.

- Exercer por si a concesión e non a ceder nin a traspasar a terceiros sen a aprobación da Corporación.

- Concertar e manter en vigor os seguros de responsabilidade civil e da instalación.

- Subministrar a Deputación de Lugo, cando esta o requira, canta información precise sobre os medios persoais, financeiros, contables, etc... utilizados tanto na execución das obras coma no posterior desenvolvemento das actividades.

- Aboar á Deputación de Lugo o canon na forma establecida.

- Non allear, gravar, nin transmitir os bens que son obxecto da concesión, nin as obras e instalacións que se constrúan sobre estes.

- Recoñecer a potestade da Deputación de Lugo de sancionalo polo incumprimento dos prazos parciais e/ou total de execución das obras e instalacións afecta á concesión e polo incumprimento doutras cláusulas ou obrigas.

- Conservar e manter nas debidas condicións de funcionamento durante todo o tempo de vixencia do contrato as medidas correctoras e de seguridade así como implantar aquelas medidas e instalacións que poidan requirirse por novas disposicións legais ou regulamentarias que se diten no futuro para esta clase de actividades.

- Reverter á Deputación de Lugo os terreos e as construcións e instalacións levantadas sobre estes ao termo da concesión, calquera que sexa a causa da súa extinción, debendo abandonalos e deixalos libres e baleiros a disposición da Deputación inmediatamente de extinguida a concesión. A este respecto o concesionario recoñece a Deputación a potestade para acordar e executar por si o lanzamento nos termos previstos no Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

- As demais obrigas e deberes que se prescriben no presente Prego.

**22. DEREITOS DO CONCESIONARIO**

Os concesionarios teñen os dereitos que establecen as disposicións legais e regulamentarias aplicables na materia e os que se recoñecen no presente prego.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación da presente concesión.

Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.

b) Que efectuara a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato.

c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso en causa de prohibición de contratar.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

d) Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

O cedente quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

**23. REVERSIÓN**

Ao termo da concesión, os terreos con todas as obras e instalacións realizadas que estean unidas ao mesmo dun xeito fixo, de sorte que non poidan separarse do terreo sen detrimentoou deterioración, reverterán e entregaranse á Deputación de Lugo nun bo estado de conservación salvo a deterioración ou menoscabo normal ocasionado polo uso ao longo dotempo da concesión, e libre de calquera carga ou gravame, non podendo o concesionario solicitar da Deputación o abono de cantidade ningunha polas obras e instalacións executadas.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de rescatar a concesión antes do seu vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público. Salvo cando o rescate estea baseado en motivo imputable a culpa ou dolo do concesionario, procederá o resarcimento de danos e indemnización de prexuízos, de acordo coas normas vixentes na materia. No caso que a Deputación de Lugo aprobe o rescate, o concesionario comprométese a abandonar e deixar libre disposición da Deputación o terreo concedido coas obras e as súas instalacións no prazo de tres meses contados a partir da notificación do acordo provincial. De non o facer así, perdería automaticamente o dereito ao resarcimento e indemnización establecidos neste artigo.

Tanto nos supostos de terminación da concesión polo transcurso do prazo, canto polo rescate ou extinción, o concesionario recoñece a potestade da Administración para acordar e executar por si o lanzamento.

**24. CONSERVACIÓN**

- Reverter á Deputación de Lugo os terreos e as construcións e instalacións levantadas sobre estes ao termo da concesión, calquera que sexa a causa da súa extinción, debendo abandonalos e deixalos libres e baleiros a disposición da Deputación inmediatamente de extinguida a concesión. A este respecto o concesionario recoñece a Deputación a potestade para acordar e executar por si o lanzamento nos termos previstos no Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

- As demais obrigas e deberes que se prescriben no presente Prego.

**22. DEREITOS DO CONCESIONARIO**

Os concesionarios teñen os dereitos que establecen as disposicións legais e regulamentarias aplicables na materia e os que se recoñecen no presente prego.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación da presente concesión.

Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán

cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.

b) Que efectuara a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato.

c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso en causa de prohibición de contratar.

d) Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

O cedente quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

**23. REVERSIÓN**

Ao termo da concesión, os terreos con todas as obras e instalacións realizadas que estean unidas ao mesmo dun xeito fixo, de sorte que non poidan separarse do terreo sen detrimento ou deterioración, reverterán e entregaranse á Deputación de Lugo nun bo estado de conservación salvo a deterioración ou menoscabo normal ocasionado polo uso ao longo do tempo da concesión, e libre de calquera carga ou gravame, non podendo o concesionario solicitar da Deputación o abono de cantidade ningunha polas obras e instalacións executadas.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de rescatar a concesión antes do seu vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público. Salvo cando o rescate estea baseado en motivo imputable a culpa ou dolo do concesionario, procederá o resarcimento de danos e indemnización de prexuízos, de acordo coas normas vixentes na materia. No caso que a Deputación de Lugo aprobe o rescate, o concesionario comprométese a abandonar e deixar libre disposición da Deputación o terreo concedido coas obras e as súas instalacións no prazo de tres meses contados a partir da notificación do acordo provincial. De non o facer así, perdería automaticamente o dereito ao resarcimento e indemnización establecidos neste artigo.

Tanto nos supostos de terminación da concesión polo transcurso do prazo, canto polo rescate ou extinción, o concesionario recoñece a potestade da Administración para acordar e executar por si o lanzamento.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**24. CONSERVACIÓN**

O concesionario obrígase ao mantemento e conservación das edificacións obxecto da concesión e as súas instalacións en perfecto estado, sendo do seu cargo a limpeza, hixiene e prevención de riscos laborais, así como a reparación das instalacións que sexan necesarias para mantela en condicións de utilidade mesmo dende o punto de vista estético, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas calquera que fora o seu alcance ou causa, salvo os supostos de forza maior. Antes de realizar reparacións ou substitucións construtivas, deberá o adxudicatario someter á autorización provincial o oportuno proxecto.

O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan ocasionar tanto a ocupación do ben público, como as actividades que desenvolva neste, sen que a Administración sexa responsable das obrigas contraídas por aquel, nin dos danos ou prexuízos causados a terceiras persoas ou cousas, das que deberá responder o titular da autorización administrativa.

**25. RÉXIME SANCIONADOR**

Se o adxudicatario ou concesionario incumprise algunha das cláusulas ou obrigas previstas no presente prego que non dean lugar a resolución do contrato, non obstante a advertencia previa instándoo a que cumpra as súas obrigas, dará dereito á Deputación de Lugo a impoñer as penalidades que se determinan no presente prego, sen prexuízo de instar o seu cumprimento e da indemnización por danos e prexuízos que se houberan podido irrogar; así mesmo e respecto ao adxudicatario sen prexuízo do exercicio das accións que en dereito o asistan.

O réxime de imposición de penalidades atenderase ás seguintes regras:

a) Antes da imposición darase aviso ao adxudicatario, concedéndoo un prazo de polo menos 15 días para a súa corrección.

b) Transcorrido o prazo concedido para a corrección do incumprimento e persistindo o mesmo, instruirase expediente con audiencia do interesado, resolvendo a Xunta de goberno provincial.

Os incumprimentos poderán cualificarse como infraccións leves, graves e moi graves.

**A. - Infraccións leves:**

1. - O incumprimento das condicións do presente contrato de concesión, sen prexuízo da súa caducidade.

2. - O falseamento da información subministrada á Administración por propia iniciativa ou requirimento desta.

3. - Manter pechado o equipamento deportivo durante un tempo non superior a tres días, sen causa xustificada.

4. - Falta de limpeza ou decoro tanto do equipamento coma da súa zona de influencia, así como da súa axeitada conservación.

**B.- Infraccións graves:**

1. - A execución non autorizada de obras e instalacións, así como o aumento de superficie, volume ou altura construídos sobre os autorizados.

2. - Manter pechado o equipamento por un tempo superior a tres días e inferior a quince, sen a debida autorización provincial.

3. - As accións ou omisións que impliquen un risco para a saúde ou seguridade de vidas humanas, sempre que non constitúan delito e, en todo caso, a vertedura non autorizada de augas residuais.

4. - A falta de persoal abondo para o bo servizo aos usuarios.

**C. - Infraccións moi graves:**

1. - Manter pechada a instalación por un tempo superior a quince días sen a previa autorización provincial.

2. - O traspaso, cesión ou permuta incumprindo os requisitos establecidos na cláusula 21 do presente prego.

3. - A venda de produtos ilegais ou distintos aos propios das actividades a desenvolver.

4. - Non ocupar con instalacións auxiliares ou elementos da actividade o lugar fixado.

Para a aplicación de sancións, utilizarase o procedemento previsto na Lei 40/2015, de 1 de decembro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**26. PENALIDADES**

O prazo de prescrición das infraccións será de catro anos para as graves e un ano para as leves a partir da súa total consumación. Non obstante, esixirase a restitución das cousas e a reposición ao seu estado anterior, calquera que sexa o tempo transcorrido.

O computo do prazo iniciarase na data en que se cometese a infracción ou, cando se trate dunha actividade continuada, á súa finalización.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

As infraccións leves serán corrixidas mediante advertencia ou penalización económica na contía acordada polo órgano de contratación, que pode ascender á cantidade de trescentos euros (300 €).

As infraccións graves serán corrixidas con penalizacións que poden chegar ata seiscentos euros (600 €).

As infraccións moi graves serán penalizadas con maior rigor, corrixidas con penalizacións que poden chegar ata seis mil euros (6.000 €) e mesmo acordar a resolución da concesión sen indemnización ningunha polo seu titular.

En todo caso, agás no da aplicación de advertencia, darase audiencia ao interesado polo procedemento que se instrúa ao respecto.

**27. EXTINCIÓN DA CONCESIÓN**

A concesión extinguirase polas causas seguintes:

- Por vencemento do prazo concesional.

- Por renuncia do concesionario.

- Por mutuo acordo.

- Por revogación.

- Por resolución xudicial.

- As demais causas legalmente previstas.

A extinción da concesión requirirá resolución administrativa, logo de tramitación de correspondente expediente.

**28. DISPOSICIÓNS FINAIS.**

**Primeira.** - Responsabilidade ante terceiros:

O concesionario será directamente responsable ante terceiras persoas no caso de danos causados como consecuencia do funcionamento normal ou anormal da explotación do servizo ou as actividades desenvolvidas no inmoble e as súas instalacións, salvo os supostos de forza maior, polo cal estará obrigado a establecer cunha Compañía de Seguros unha póliza que cubra a todo risco a obra, o chan obxecto de concesión, así como as instalacións e material afectos á mesma, e tamén a responsabilidade civil fronte a terceiros operarios ou usuarios, incluídos os danos por incendio aos vehículos estacionados dentro do inmoble.

**Segunda.** - Interpretación, Modificación e Resolución da concesión.

A Deputación de Lugo resérvase expresamente as seguintes facultades:

a.- Interpretar as cláusulas da concesión e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento.

b.- Modificar, por razón de interese público, a presente concesión e acordar a súa extinción dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación de aplicación.

**Terceira.** - Xurisdición Competente:

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o concesionario en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato de concesión, serán resoltas polos respectivos órganos provinciais competentes, segundo os casos, os acordos da cal porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar á interposición do recurso potestativo de reposición, o recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que puidesen derivar desta concesión se someterán aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Lugo, O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**ANEXO I (Incluír no sobre nº 1)**

Modelo de declaración responsable

D/Dª.........................................., maior de idade, titular do DNI, e actuando en nome propio (ou, do o caso, actuando en nome da entidade mercantil..........., con CIF número...............e con domicilio para os efectos de notificación.........., declaro baixo a miña responsabilidade:

Que cumpro as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (que a persoa xurídica a que represento cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración) e as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas do devandito concurso de concesión demanial.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante concurso aberto duna concesión demanial dun ben de domino público provincial e convocado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo..

Lugar, data e sinatura

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**ANEXO II**

Incluirase a oferta económica conforme ao seguinte modelo:

Don/Dona _______________, maior de idade, con D.N.I. núm. _____, veciño de _____, provincia de ________, con domicilio en ______________, no seu propio nome ou en representación de _____________, decatado do prego de condicións administrativas particulares que ha de rexer o concurso para adxudicar a concesión demanial dun ben de dominio público convocado pola Deputación de Lugo, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de data ______, está interesado en participar no dito procedemento, conforme ao prego que acepta integramente e para o cal presenta a seguinte oferta:

Canon ofrecido____________ (haberá de expresarse en número e letra).

Lugar, data e sinatura

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**ANEXO III (Incluír no sobre nº 1)**

Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa Administración,

D/Dª.........................................., maior de idade, titular do DNI, e actuando en nome propio (ou, do o caso, actuando en nome dá entidade mercantil..........., con CIF número................e con domicilio social en.........., declaro baixo a miña responsabilidade:

1. - Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa Administración recollidas na lexislación vixente.

Non caso de persoas xurídicas: que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa Administración das enumeradas na LCSP.

2. - Que estou ao corrente no pagamento (que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pagamento) das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos na normativa de contratación pública.

3. - Que non teño pendente de pagamento (que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pagamento) ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4. - Estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non ter causado baixa no mesmo.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante concurso aberto duna concesión demanial dun ben de domino público provincial e convocado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Lugar, data e sinatura”.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

R. 0549

# CONCELLOS

## COSPEITO

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECEMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2018.**

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde – Presidente mediante Resolución núm. 75/19 do 14/02/19 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao cuarto trimestre de 2018 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

*“**PRIMEIRO**. Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 303/2015 do 20 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.*

***SEGUNDO.** Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 53.342,39€ (IVE incluído) correspondente ao 4º trimestre de 2018 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:*

| *Período* | *Auga* | *Lixo* | *Sumidoiros* | *Canon de auga* | *IVE* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *4º T 2018* | *20.404,31* | *20.516,60* | *505,26* | *9.871,72* | *2.044,50* | *53.342,39* |

***TERCEIRO.** Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2019:*

| *Padrón* | *Período voluntario de cobro* |
|---|---|
| *4º Trimestre 2018* | *Do 28/01/2019 ao 26/03/2019* |

***CUARTO.** Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito (…).”*

**CANON DE AUGA**

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

**RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigo 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo.

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

**FORMA DE PAGAMENTO**

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Banco Pastor e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 15 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0517

---

## LÁNCARA

*Anuncio*

Decreto de alcaldía do Concello de Láncara unha vez concluído o procedemento de selección para formar unha listaxe de emprego temporal para unha praza de administrativo do Concello de Láncara, en réxime de interinidade, mediante o sistema de concurso oposición, efectuouse o nomeamento como administrativa interina de Aurora de Vega Flores

O que se fai público aos efectos do artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Láncara, 19 de febreiro de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0518

---

## MURAS

*Anuncio*

**DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , Mª Inmaculada Rodríguez Villaveirán , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de Xaneiro de 2019.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Xaneiro de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO**- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Xaneiro de 2019. O padrón correspondente ao mes de Xaneiro consta de 51 contribuíntes (11 de libre concorrencia e 40 de dependencia) e un importe total de 4.936,60 € (3.556,15 € persoas usuarias de dependencia e 1.380,45 € persoas usuarias de libre concorrencia).

**SEGUNDO**- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO**- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

**CUARTO**- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

**QUINTO**- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 7 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, Don Froilán Pallín Seco, como Secretario, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).

R. 0519

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

**EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 18 de Febreiro aprobou o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 1º BIMESTRE DO 2019.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Marzo ó 30 de Abril, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, a 19 de febreiro de 2019.- O Tte. Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 0520

## NAVIA DE SUARNA

*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado o **Orzamento Municipal** para o **exercicio económico de 2019**, por acordo adoptado en Sesión Ordinaria celebrada o día 30 xaneiro de 2019, en cumprimento do que dispón ó artigo 169.4 do RDL 2/2004, de 6 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o resumo por capítulos dos estados de gastos e ingresos, así como a plantilla de persoal, son os seguintes:

**<u>ESTADO DE GASTOS</u>**

| Capítulo | Denominación | Euros |
|---|---|---|
| **A) Operacións non financieiras** | | |
| **A-1 Operacións correntes** | | |
| 1º | Gastos de persoal | 644.274,13 |
| 2º | Gastos en bens correntes e servicios | 441.263,73 |
| 3º | Gastos financieiros | --- |

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| 4º | Transferencias correntes | 33.150,00 |
| **A-2 Operacións de Capital** | | |
| 6º | Inversións reais | 182.865,13 |
| 7º | Transferencias de capital | --- |
| **B) Operaciones financieiras** | | |
| 8º | Activos financieiros | --- |
| 9º | Pasivos financieiros | --- |
| | Total Estado de Gastos | **1.301.552,99** |

ESTADO DE INGRESOS

| Capítulo | Denominación | Euros |
|---|---|---|
| **A) Operacións non financieiras** | | |
| A-1 Operacións correntes | | |
| 1º | Impostos directos | 278.806,22 |
| 2º | Impostos indirectos | 3.000,00 |
| 3º | Taxas e outros ingresos | 113.604,44 |
| 4º | Transferencias correntes | 778.526,71 |
| 5º | Ingresos patrimoniais | 2.200,00 |
| **A-2 Operacións de Capital** | | |
| 6º | Enaxenación de inversións reais | --- |
| 7º | Transferencias de Capital | 125.415,62 |
| **B) Operacións financieiras** | | |
| 8º | Activos financieiros | ---- |
| 9º | Pasivos financieiros | --- |
| | Total estado de Ingresos | **1.301.552,99** |

**PLANTILLA DE PERSOAL**

**1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

| ESCALA | SUBESCALA | POSTO DE TRABALLO | Nº PRAZAS | GRUPO | NIVEL C.D. |
|---|---|---|---|---|---|
| Habilitación Nacional | Secretaría-Intervención | Secretaría-Intervención | 1 | A2 | 26 |
| Administración Xeral | Auxiliar | Auxiliar-cuberta inteirinamente | 1 | C2 | 18 |

**2.- PERSONAL LABORAL FIXO**

| DENOMINACIÓN DA PRAZA | Nº PRAZAS | SITUACIÓN |
|---|---|---|
| Peón de obras e servizos | 1 | Vacante-cuberta interinamente |
| Celador-Operario Servizos Múltiples | 1 | Interinidade |

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

**3.- PERSONAL LABORAL NON FIXO**

| **DENOMINACIÓN** | **Nº EFECTIVOS** | **OUTROS DATOS** |
|---|---|---|
| Asistente Social | 1 | Subvencionada parcialmente pola Xunta Galicia |
| Axente de Emprego e Desenvolvemento Local | 1 | Subvencionada parcialmente Xunta pola Galicia |
| Encargada biblioteca | 1 | Tempo parcial |
| Peón especialista | 1 | |
| Peón ordinario | 1 | |
| Auxiliares axuda a domicilio | 14 | Financiadas parcialmente pola Xunta de Galicia |

Persoal a contratar con cargo ós seguintes Programas subvencionados: Fomento do Emprego; Campaña Incendios 2019; Aprol Rural.

Navia de Suarna, 25 de febreiro de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0566

## A POBRA DO BROLLÓN

*Anuncio*

Acordada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil dezaoito a modificación da ordenanza fiscal que se relaciona a continuación:

- Número 2.02ª reguladora da taxa por licenzas urbanísticas

Faise público por prazo de trinta días a efectos de exame e alegacións, considerándose definitivamente aproba de non presentarse ningunha nese prazo.

A Pobra do Brollón, 13 de febreiro de 2019.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 0521

## XOVE

*Anuncio*

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 18 de febreiro dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación do Regulamento de Réxime Interno, Funcionamento e Utilización dos Servizos da Piscina Municipal de Xove e Instalacións Anexas.

O citado expediente atópase de manifesto ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acordo no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acordo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

En Xove, a 19 de febreiro de 2.019.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0522

*Anuncio*

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 18 de febreiro dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Piscina Climatizada Municipal e Instalacións Deportivas Anexas.

O citado expediente atópase de manifesto ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acordo no caso de

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acordo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, a 19 de febreiro de 2019.- O Alcade, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0523

*Anuncio*

Por medio do presente faise público que o Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 18 de febreiro de 2019, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións 2019-2021 do Concello de Xove, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cuxo texto completo pode consultarse no Portal de Transparencia do Concello de Xove (http://xove.sedelectronica.gal/transparency/4e21b796-ae6c-400d-ba27-f4db3e86a282/) para o seu público acceso.

O que se fai público para xeral coñecemento, aos efectos legais oportunos.

Xove, a 19 de febreiro de 2019.O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0527

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 4 GIJÓN

*Anuncio*

D/Dª OLGA PEÑA GARCIA, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 004 de GIJON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000177/2018 de este Juzgado de lo Social, se ha dictado la siguiente **resolución cuyos datos se hace constar a continuación, de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra la que cabe interponer el recurso que se indica:**

**-D.O. 14/02/2019 CAMBIO SEÑALAMIENTO COMPARECENCIA CON CITACIÓN PARA EL DIA 21/03/2019 A LAS 10:20 HORAS.**

**RECURSO QUE CABE: REPOSICIÓN**

**PLAZO PARA INTERPONER RECURSO: TRES DIAS**

**PERSONA A LA QUE SE NOTIFICA y CITA: MAURO ANTONIO PUGA MARTINEZ**

Y para que sirva de notificación en legal forma a MAURO ANTONIO PUGA MARTINEZ, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En GIJON, a catorce de febrero de dos mil diecinueve. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0524

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/12705/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Regantes Presa do Muiño de Outeiro

Nombre del río o corriente: Arroio de Outeiro, ríoChamoso

Punto localización: Outeiro, Santa María do Monte

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)

Término municipal y provincia: Catroverde, Lugo

Caudal concedido: 0,85 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 10 de mayo de 2004

Registro de Aguas: 13791, Sección A, en el Tomo 0138, hoja número 092

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por interrupción permanente de la explotación durante tres años consecutivos, por causas imputables al titular. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Castroverde** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 14 de febrero de 2019.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero

R. 0525

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/04997/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Ultransa, S.L.

Nombre del río o corriente: Arroio Luruda

Punto localización: Santa Eufemia, Santa María de Folgoso

Término municipal y provincia: Folgoso do Courel, Lugo

Caudal concedido: 1,67 l/s

Destino: Refrigeración de las sierras de cortado de pizarra

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 10 de febrero de 1995

Registro de Aguas: 3964, Sección A, en el Tomo 0040, hoja número 064

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Folgoso do Courel** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 14 de febrero de 2019.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero

R. 0526

---

Anuncio publicado en: Num BOP 48 año 2019 (26/02/2019 08:00:00)